



**PABLO DIEGO MOREDA GIL**, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

Vistos os escritos remitidos pola Presidencia do Senado de datas 18.12.2018 (rex. entrada 5431/21.12.2018), 03.09.2019 (rex. entrada 3247/16.09.2019) e 16.01.2020 (rex. entrada 0212/23.01.2020) polos que se da traslado ó Concello de Cedeira dos acordos adoptados nas datas citadas pola Mesa da Cámara respecto da admisión a trámite da solicitude de remisión por parte do Concello de Cedeira dos expedientes municipais nos que se comunica ó Instituto Nacional de Estatística o cambio de denominación de determinada vía pública (Rúa Fraga Iribarne) para cumprir coa Lei da Memoria Histórica e co respecto ás vítimas do franquismo.

Resultando que en data 28.02.2020 dítase Providencia de Alcaldía pola que se dispón a incoación do expediente administrativo para proceder ao cambio do nome da “RÚA FRAGA IRIBARNE” pasando a nomearse “RÚA DA FRATERNIDADE”, para cumprir coa Lei da Memoria Histórica e co respecto ás vítimas do franquismo.

Visto o informe de Secretaría de data 28.02.2020.

Considerando o previsto no artigo 15 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.

Considerando o previsto no artigo 75 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das Entidades Locais, que dispón que os concellos manterán actualizadas a nomenclatura e a rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, informando disto a todas as administracións públicas interesadas.

Polo exposto, propono ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Proceder ao cambio do nome da “RÚA FRAGA IRIBARNE” pasando a nomearse “RÚA DA FRATERNIDADE”.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo á Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística, á Oficina de Correos e Telégrafos, á Xerencia Territorial do Catastro e ó Rexistro da Propiedade, para os efectos oportunos.

**Terceiro.-** Notificar o cambio realizado ós habitantes afectados.

**Cuarto.-** Publicar anuncio do presente acordo no BOP para xeral coñecemento.

**Quinto.-** Remitir certificación do presente acordo xunto con copia do expediente á Mesa do Senado.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime pertinente.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil